

Mitos do amor romántico

Fonte: adaptado de *No es amor*. Save the Children. 2021, 16-17.

MITO	REALIDADE
Os polos opostos atraense ("Cuanto más reñidos más queridos")	
As persoas con visións e gustos diferentes, e mesmo enfrontados, compléméntanse mellor e a relación faise menos monótona. Hai certa "emoción" no conflito.	Cantas máis cousas se teñen en común, a comprensión e o desenvolvemento de proxectos e vida en común faise máis doado para a parella.
A falacia do cambio por amor	
Aínda que houbera episodios de violencia, o perdón e o amor da vítima poden cambiar o agresor.	Este cambio non se produce a base de amor e per-dón, e logo dun tempo, a violencia volve repetirse.
A normalización do conflito	
Os conflitos do principio da relación son normais. As parellas teñen que ir encaixando.	Os conflitos continuados reflicten problemáticas máis fondas e non teñen xustificación.
O alcol ou as drogas son o que levan o agresor a agredir.	Estas substancias poden ser un factor de risco, pero quen agrede a súa parella elixe facelo independentemente da súa sobriedade.
As mozas, por veces, buscan a agresión provocando o agresor.	A violencia no ámbito da parella non é xustificable, nunca.
O mito da media laranxa	
Estamos predestinados a unha persoa e só con ela seremos persoas completas.	A media laranxa non existe, e a nosa identidade e autoafirmación non poden dependen doutro.
Na vida só hai un verdadeiro amor, que non hai que deixar pasar.	O máis probable é que cada persoa teña varias parellas, varios amores verdadeiros, independentemente de que estes sexan máis ou menos duradeiros ou definitivos.
A falacia da entrega total	
O amor e a parella danlle sentido á vida e son a fonte máis importante para a felicidade.	O amor é só unha parte da vida e dos sentimentos, e a felicidade depende do desenvolvemento de cada persoa, non das súas relacións.
O amor real signific unha entrega total, unha perda da identidade, da intimidade e unha dependencia da parella.	Para ser real, o amor non precisa unha renuncia á propia identidade, intimidade ou vida propias.
A compatibilidade do amor co maltrato ("Quien bien te quiere te hará llorar")	
Os celos son unha forma de expresar o amor.	Os celos pódense transformar nunha forma de control e posesión cando se lexitiman.
Aturar a violencia da parella é un acto de amor.	Aturar a violencia non é meritario, é inxusto e inxustificable.
Nas relacións sempre se sofre.	O amor non debe supoñer dor.
A omnipotencia do amor ("O amor pode con todo")	
O amor "pode con todo" e "amaña todo" y por amor todo se xustifica.	No amor non pode substituír o respecto ou a tenrura.